

CONTRATACIÓN DE PERSOAL DA ASOCIACIÓN DE DESARROLLO LOCAL DELOA (GDR-18)

A ASOCIACIÓN DE DESARROLLO LOCAL DELOA ANUNCIA:

O inicio do proceso de selección do persoal do programa Leader 2014-2020.

O posto a cubrir é: 1 ADMINISTRATIVO/A.

AS BASES DA CONVOCATORIA PODERÁN RECOLLERSE EN:

- Os concellos do ámbito de actuación de Deloa: Dodro, Padrón, Rois, Boiro, Riveira, Rianxo, Pobra de Caramiñal, Porto do Son, Outes, Lousame, Muros e Noia.
- Sede da Asociación DELOA (Esclavitude, s/n, 15980, Padrón).

As bases tamén se poderán descargar de:

- A páxina web da Asociación Deloa www.deloa.es
- A páxina web de AGADER <http://agader.xunta.es>

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes que deberán ir dirixidas á Asociación de Desenvolvemento Local “DELOA”, poderanse presentar na sede da Asociación, sita en Lugar A Esclavitude, s/n, Parroquia de Santa María de Cruces, 15980 Padrón (A Coruña), de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas.

Tamén poderán ser presentadas a través do seu envío por correo postal certificado e con acuse de recibo dirixida á atención da Comisión de Selección da Asociación DELOA, indicando: “**Proceso de Selección DELOA: Posto “ADMINISTRATIVO”**”.

No caso de envío por correo postal, o aspirante deberá xustificar a súa remisión cumprimentado electrónicamente -antes das 24 horas (00:00) do último día de prazo de presentación-, o formulario dispoñible na plataforma <https://www.deloa.es/seleccion> habilitada ao efecto enviando notificación (á que haberá que xuntar o resguardo selado da data de imposición do envío na Oficina de Correos).

Unha vez cumprimentada correctamente a notificación e enviada, o solicitante recibe unha comunicación de recepción na dirección de correo electrónico que designe ao efecto.

Aos efectos de cómputo do prazo para presentar a solicitude e admisión, tomarase como data a que conste no selo de Rexistro de Entrada na sede da Asociación ou na Oficina de Correos.

Prazo

O prazo para a presentación da solicitude e documentación acreditativa iniciárase ao día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo en prensa (La Voz de Galicia 26/01/2018), e permanecerá aberto un período de 20 días naturais.

Asociación de Desenvolvemento Local DELOA
Lugar de la Esclavitud, s/n, Parroquia de Santa María de Cruces
15980 Padrón (A Coruña) Tfno. 981817000 deloa@deloa.es